



VIM
IAN
ZO

*Vimianzo
Do mar á terra*

A ETIQUETAXE



A ETIQUETAXE: NECESARIA Á HORA DE COMPRAR PEIXE E MARISCO



A base do etiquetado é que o consumidor posúa información adecuada sobre os produtos que compra.

Como consumidores, temos dereito a que tanto nos produtos envasados como a granel apareza de xeito visible unha etiqueta ou cartel informativo.

A etiquetaxe, segundo se esixe na normativa vixente, debe incluír:

- Nome comercial e científico da especie.
- Método de produción: pesca extractiva ou pescado, pescado en augas doces, criado, ou acuicultura e marisqueo.
- Nome da zona de captura, ou país de orixe no caso de ser produtos de acuicultura.
- Peso neto nos produtos envasados.
- Modo de presentación e/ou tratamento: eviscerado (evs), con cabeza (c/c), sen cabeza (s/c), fileteado (fl), cocido (c), desconxelado.

- Identificador do primeiro expedidor ou centro de expedición (quen fai a primeira venda).

Cando é a primeira exposición á venda, ten que constar:

- O calibre: Depende da lonxitude e peso do peixe. Vai de 1, o máis grande, a 5.
- Grao de frescura: Pode ser Extra, A e B. Debe estar indicado en que data foi clasificado como tal. O comerciante ten que ir modificando a letra co paso dos días.

Zona de captura	Identificación de la empresa Nº R.S.I o Nº de autorización	
Denominación comercial (1) Denominación científica	Lote	Fecha de duración mínima
Temperatura de conservación (2)	Método de producción	Modo de presentación
Peso neto/escurrido(3)	Ingredientes(4)	



Nos produtos envasados ha de constar o peso neto e a data de caducidade do produto.

No caso do marisco que se cociña vivo, ten que figurar a data de envasado (inmediata á súa recollida) e a necesidade de consumir o produto en cinco días. Ademais, a etiqueta ha de poñer se o produto procede de augas limpas ou non necesitou depuración.



LEMBRA...

A etiqueta é a garantía do produto e é o teu dereito como consumidor para elixir, por exemplo, especies capturadas na pesca artesanal e sostible.

Desconfía sempre daquel punto de venta ou produto que non teña ben visible a etiqueta coa información sobre o peixe. É un dereito do consumidor e un deber de quen o comercializa.



www.domaraterra.com



www.accioncost.eina.es
Europa inviste na pesca sustentable

